

CONCURSO DE REDACCIÓN E DEBUXO: A RIBEIRA SACRA PATRIMONIO MUNDIAL

Coa finalidade de promover o coñecemento do patrimonio cultural, histórico e paisaxístico da Ribeira Sacra, así como fomentar o apoio para a consecución da declaración como Patrimonio Mundial pola UNESCO, o xornal El Progreso en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia convocan o concurso de redacción e debuxo "A Ribeira Sacra, Patrimonio Mundial" que se rexerá segundo as seguintes bases

1 Participantes. Poderá participar o alumnado matriculado nos cursos de cuarto, quinto e sexto de educación primaria e os alumnos matriculados nos cursos de educación secundaria dos centros de ensino da provincia de Lugo. Convócanse dúas categorías: Educación Primaria (4º, 5º e 6º) e Educación Secundaria Obligatoria-ESO (1º, 2º, 3º e 4º).

2 Temática. Tanto o debuxo como a redacción deben referirse á Ribeira Sacra, salientando os valores que neste territorio se concentran como o respecto pola terra, ao medio ambiente e a conservación e transmisión do patrimonio cultural e paisaxístico. O autor poderá presentar un máximo de dous traballos por modalidade (debuxo e redacción).

3 Características dos traballos.

Debuxo: poderase empregar calquera técnica manual, lapis, ceras, acuarelas, rotulador ou similares empregando un formato tamaño A4.

Redacción: Non debe superar os 3 folios (A4) escritos a man por unha soa cara en idioma galego.

Non reverso de cada traballo (redacción e debuxo) deben figurar os seguintes datos:

- Nome e apelidos do autor - Curso e centro ao que pertence

4 Prazos e presentación dos traballos. O prazo de presentación de traballos rematará o 17 de decembro de 2021. Os traballos poderanse enviar por correo postal ou entregalos na sede do xornal El Progreso (Rúa Ribadeo n.º 5, 27002 Lugo) facendo constar "Concurso A Ribeira Sacra Patrimonio Mundial".

5 Xurado. O xurado estará composto por representantes de El Progreso e da Consellería de Cultura e dará a coñecer o seu resultado nas páxinas de El Progreso. O xurado non devolverá ningún dos traballos e estes poderán formar parte de exposicións, suplementos ou especiais, tanto na edición dixital como impresa dos medios pertencentes ao Grupo El Progreso. A participación no concurso supón a aceptación íntegra das súas bases, correspondendo ao xurado a interpretación das mesmas, así como decidir sobre calquera eventualidade non prevista na convocatoria. Esta decisión será inapelable.

6 Premios. Para cada unha das modalidades (debuxo e redacción) e categorías (Primaria e Secundaria) establécense os seguintes premios:

- 1º premio: Unha tableta
- 2º premio: Unha cámara fotográfica
- 3º premio: Un altafalante con conexión usb

7 Protección de datos. Infórmase de que o responsable do tratamento dos datos dos participantes no Concurso Ribeira Sacra, Patrimonio Mundial, os dos seus profesores e os dos pais ou titores legais que autorizan a súa participación é El Progreso de Lugo, S.L. con dirección postal en Rúa Ribadeo n.º 5 de Lugo teléfono: 982298100. El Progreso de Lugo, S.L. ten designado un Delegado de Protección de datos, con correo electrónico: compras@elprogreso.es. Para a participación no concurso os alumnos, os seus profesores e, no seu caso, os seus representantes, deberán achegar os datos que se indican nas bases e, no seu caso, autorizacións. El Progreso de Lugo, S.L. tratará os datos dos participantes, dos seus profesores e, no seu caso, dos seus representantes, para a xestión e organización do concurso.

O nome e a imaxe dos concursantes e dos seus profesores, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida levar a cabo El Progreso de Lugo, S.L., sempre que dita comunicación pública estea relacionada coa súa participación no concurso ou coa publicación dos seus traballos (salvo que o autor solicite calquera modificación con arranxo á normativa vixente). Non se realizarán cesións de datos persoais a terceiros, excepto no caso de que exista unha obriga legal. Pode pedir máis información a través de compras@elprogreso.es. Os datos conservaranse mentres sexan necesarios para os fins para os que se solicitaron, e durante os prazos de prescrición previstos.

Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e, no seu caso, portabilidade dos seus datos persoais, así como de oposición e limitación ao tratamento dos seus datos, dirixíndose a El Progreso de Lugo, S.L. a través da dirección de correo electrónico compras@elprogreso.es, indicando os detalles correspondentes á súa solicitude e acreditando debidamente a súa identidade e, no seu caso, representación.

Infórmase así mesmo ao participante de que ten dereito a obter información sobre o exercicio dos seus dereitos e/ou presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

BASES